



nota de prensa

Veciñanza vota esta fin de semana a confección da súa candidatura

Santi Martínez, actual voceiro municipal, encabezarán de novo a candidatura para as eleccións municipais do mes de maio, así o elixiu por unanimidade a asemblea de Veciñanza. En contraste coas dificultades doutros partidos, en Veciñanza os procesos internos réxense única e exclusivamente polo voto dos/das participantes nunha asemblea que se mantén aberta a todas as persoas de Cuntis.

Cuntis. 29 de marzo de 2019

A asemblea de Veciñanza decide esta fin de semana a composición definitiva da candidatura coa que concorrerá ás eleccións municipais do 26 de maio. Logo de celebrárense as votacións para a elección de candidato durante a fin de semana pasada, na que **saíu de novo elixido o actual voceiro Santi Martínez**, é agora a quenda de votar o resto dos/das integrantes que o acompañarán.

O proceso interno terá lugar no novo local da agrupación, situado no número 37 da Avenida Circunvalación Don Aurelio, na vila de Cuntis.

A pasada fin de semana, a asemblea de Veciñanza elixía por unanimidade a Santi Martínez, voceiro municipal durante a presente lexislatura, como candidato á Alcaldía do Concello de Cuntis. De 35 anos e veciño da parroquia de Troáns, o candidato de Veciñanza puxo en valor “*o traballo feito durante os últimos catro anos, a experiencia adquirida, as incorporacións de novas compañeiras que durante as últimas semanas se sumaron ao proxecto e a boa receptividade de moitas outras, así como os valores máis importantes do equipo que Veciñanza presentará ás eleccións municipais: a solvencia e a capacidade*”.

Veciñanza mantense absolutamente fiel aos seus principios e o método de escolla da candidatura realízase mediante as votacións dos e das participantes da asemblea. **Isto contrasta cos métodos que se empregan noutras formacións, nas que se cruzan os intereses e agroman as dificultades para “as fichaxes” de candidatos.**

Veciñanza preséntase como un proxecto sólido, capacitado e en condicións de impulsar os cambios e transformacións que Cuntis precisa. Nas próximas semanas terá dispoñible un programa participativo para o que comezaron xa os contactos con distintos/as representantes dos sectores da sociedade cuntense.